

Cloud DevOps Engineer

Descrición

Este curso proporciona os coñecementos necesarios para avanzar na túa traxectoria profesional como enxeñeiro/a DevOps e brinda a capacitación recomendada por Google Cloud para apoiar a túa preparación cara á obtención da certificación de Google Cloud Professional DevOps Engineer, amplamente recoñecida na industria. Ademais, terás a oportunidade de poñer en práctica habilidades clave utilizando Google Cloud para software delivery pipelines, implementar e monitorizar servizos e xestionar incidencias. Aprenderás a aplicar os principios de SRE a un servizo, técnicas de monitorización, solución de problemas, mellorar da infraestrutura e o rendemento da aplicación, entre outras funcionalidades.

As probas de selección serán PRESENCIAIS e terán lugar na sede do CNTG.

Para a realización da citada proba de selección, é recomendable ter un coñecemento de nivel medio de comprensión lectora en inglés, posto que a proba pode incluír preguntas en inglés e o exame oficial de certificación ao que se opta neste curso realízase en inglés.

Para seguir o curso é necesario que o equipo conte con altofalantes ou auriculares.

Obxectivos

- Coñecer as habilidades necesarias para o rol de enxeñeiro DevOps con Google Cloud.
- Aprender as técnicas para monitorizar, solucionar problemas e mellorar o rendemento da infraestrutura e as aplicacións en Google Cloud, guiadas polos principios de SRE.
- Coñecer o uso de Terraform para Google Cloud.
- Describir como se pode utilizar Terraform para implementar infraestrutura como código e aplicar algunhas das súas características e funcionalidades clave para crear e administrar a infraestrutura de Google Cloud.

Dirixido a

Enxeñeiros/as DevOps encargados/as de xestionar os procesos ao longo do ciclo de vida do desenvolvemento de sistemas, implementando prácticas recomendadas para a entrega eficiente e confiable de software e a administración de infraestrutura

BENEFICIOS

Diploma de asistencia

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Perfil do docente

Os nosos formadores son persoas con máis de 5 anos de experiencia en áreas de alta especialización técnica nos campos de aplicación. Posúen as certificacións oficiais do fabricante (neste caso Google) para impartir estes cursos.

PROGRAMA

Programación 2025/26

TIPO

CURSO

MATRÍCULA

Gratuíta

PERIODO INSCRICIÓN

02/02/2026 - 22/02/2026

PROBA DE SELECCIÓN

25/02/2026 (19:30)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela

Nº PRAZAS

20 (Mínimo 10)

METODOLOXÍA

Virtual

TIPO DE EDICIÓN

Edición única (desempregados/as e ocupados/as)

DURACIÓN

60 horas

Cloud DevOps Engineer

DATA INICIO	11/03/2026
DATA FIN	27/03/2026
HORARIO	De luns a venres de 16:00 a 21:00 horas (19/03 non lectivo).
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	Google Cloud - Cloud DevOps Engineer
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 10 horas
TECNOLOXÍA	Google Cloud
PERIODO DOCENCIA	11/03/2026 - 27/03/2026

Temario

- Google Cloud Fundamentals: Core Infrastructure
- Logging and Monitoring in Google Cloud
- Getting Started with Terraform Google Cloud
- Architecting with Google Cloud Platform: design and process